



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Obra: POS+2022 Senda peonil Veigue-Límite Concello

1. Necesidade do contrato

O Pleno do concello, en sesión de data 10/02/2022 incluiu no POS+2022 e aprobou o proxecto de Senda peonil Veigue-Límite Concello, redactado polo Enxeñeiro D. Alejandro Peña López, en data 26-05-2022 aprobou o proxecto técnico corrixido, cun orzamento de execución por contrata de 207.444,97 €.

Con este proxecto realizarase a formación dunha senda de aglomerado para o tránsito peonil completando un circuito no entorno do núcleo de Veigue, iniciándose no p.k. 6+272 da AC-163 en continuación da senda peonil existente.

Consta no apartado 1 do proxecto técnico

Para a realización da obra obtivéronse as autorizacións sectoriais de:

- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas por afectar as obras á estrada AC-163 de titularidade autonómica, concedida en data 16/02/2022 ao nº de rexistro 202200000000523

- Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea por situarse as obras en terreos afectados por servidumes aeronáuticas. 202200000000727, concedida en data 1/03/2022 con rexistro de entrada neste Concello ao nº 202200000000727

2. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato consta no apartado 2 da memoria do proxecto técnico.

A senda peonil executarase pola marxe dereita da estrada autonómica AC-163 na totalidade do seu percorrido, agás no seu tramo final entre os P.K. 6+890 e 7+030 onde discurrirá por ambas marxes. Finalizará na altura do P.K. 7+038 no límite dos Concellos de Sada e Oleiros. A lonxitude total da actuación será de 689 m.

3.- División en lotes: Non

Na presente obra non se contempla a división en lotes porque se da o suposto indicado no artigo 99.3.b) LCSP, tal e como se reflexa no proxecto técnico, apartado 18 e Decreto 734/2022 de data 27/05/22: *“Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto dos proxectos indicados está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:*

-A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico”

Por todo o mencionado anteriormente considérase non axeitada a súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

3. Análise técnica.

Consta no proxecto técnico

4. Análise Económica

Ao estar incluído no POS+2021 a achega provincial é de 205.539,18 € e a achega municipal é de 1.905,79 €.

4.1. Consta no proxecto técnico a xustificación dos prezos co desglose dos distintos conceptos, sendo o seu resumo:



Capítulo	Descripción de los capítulos	Importe
1	DEMOLICIONES Y TRABAJOS PREVIOS	3.319,26 €
2	MOVIMIENTO DE TIERRAS	5.187,33 €
3	FIRMES Y PAVIMENTOS	48.650,99 €
4	DRENAJE	32.451,14 €
5	ESTRUCTURAS	19.343,48 €
6	SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTO Y DEFENSAS	9.489,06 €
7	SERVICIOS MUNICIPALES AFECTADOS	4.112,05 €
8	VARIOS	16.532,21 €
9	GESTIÓN DE RESIDUOS	3.483,49 €
10	SEGURIDAD Y SALUD	1.500,00 €
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL (PEM) .		144.069,01 €
13% Gastos Generales		18.728,97 €
6% Beneficio Industrial.		8.644,14 €
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SIN IVA (PBL S/IVA) .		171.442,12 €
21% IVA.		36.002,85 €
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN (PBL) .		207.444,97 €

4.2. Presupuesto base de licitación.

Importe sen IVE	IVE (21%)	Presupuesto base de licitación
171.442,12	36.002,85	207.444,97

4.3. Valor Estimado:

171.442,12 €

5. Duración

Consta no proxecto técnico: 3 meses

6. Cualificación do contrato e elección do procedemento de adjudicación.

5.1. Contrato administrativo de obras, artigo 13 da LCSP.

5.2. Procedemento de adjudicación:

O procedemento a seguir é o aberto simplificado por ser o valor estimado inferior a 2.000.000 euros, e ser a oferta económica o único criterio de adjudicación, cumpríndose as dúas condicións establecidas no artigo 159.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Rexerá a preparación e desenvolvemento do contrato o prego tipo da Excm. Deputación provincial aprobado en data 26/02/2021, ao que se unirá o cadro de características.

6.1 Prazo presentación de proposicións:

20 días naturais contados a partir da publicación da licitación na plataforma de contratos do estado

7. Criterios de adjudicación e aspectos obxecto de negociación

Criterios que se tendrán en consideración para adjudicar o contrato:

-Oferta económica, factor prezo (máximo 100 puntos), de acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, a explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII do PCAP e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

O motivo da elección deste criterio está relacionado coa escasa dificultade da obra proxectada e a concreción no proxecto mesmo da realización técnica dos traballos, de maneira que permite acudir



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

unicamente a un criterio baseado no prezo e descartar a elección doutras melloras que nada aportarían á selección dun candidato e ao interese xeral e ás necesidades que este Concello pretende dar satisfacción.

Clasificación do contratista.- Non se esixe xa que non é obrigatoria debido á contía do contrato (artigo 77 da LCSP), ao non ser o prezo estimado igual ou superior a 500.000 €, se ben a efectos da acreditación da súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional sería: Grupo G (Viales e pistas) Subgrupo 6 (obras viales sen cualificación específica) Categoría 2

CPV:

45233161-5 Traballos de construción de camiños peonís

45233200-1 Traballos diversos de pavimentación

8. Modificacións do contrato

Só poderán introducirse modificacións por razóns de interese público, cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgún ou varios dos supostos tasados do artigo 205 da LCSP.

Estas modificacións serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, aislada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando, por razón do seu importe, a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, dita modificación exixirá a conformidade expresa do contratista.

9.- Condicións especiais de execución de carácter laboral e social:

O adxudicatario deberá cumprir polo menos unha das condicións que se impoñen na cláusula 27 do PCAP que rexirá á licitación.

O alcalde,
Oscar Benito Portela Fernández